

## Malditos sábados de outono e inverno

**É necesario traballar os sábados?**

De novo chegou o duro momento de empezar a traballar os sábados. E de novo, a maioría do persoal repetímonos as mesmas preguntas que nos levamos facendo desde hai anos: é necesario traballar os sábados? É rendible? De verdade responde a unha necesidade do negocio?

**É rendible?**

En COMFIA-CCOO, pensamos que o traballo en sábado non representa unha necesidade de negocio para o Banco. Hai tempo que nos decatamos de que a rendibilidade das oficinas abertas en sábado era, como pouco, discutible. Desde 1986 fomos avanzando no peche dos sábados, ata os 6 meses que temos agora, sen que o negocio se resentira o máis mínimo. A última constatación é que ata deixou de funcionar o servizo de valixa dos sábados. Ademais, se o PLAN ÓPTIMA ten como un dos seus obxectivos a redución de custos, parece evidente que pechar as oficinas os sábados representaría unha achega nese sentido. Outros bancos do noso contorno dispoñen de libranzas ou de peche parcial da rede de oficinas: CCOO asinou acordos de peche de todos os sábados do ano en Barclays e Deutsche Bank; de libranza da metade dos sábados en BBVA; e no Grupo Santander, Banesto dispón de 1/3 dos sábados libres.

**De verdade responde a unha necesidade do negocio?**

Xa nos toca. O negocio cambiou, o contorno económico, a tecnoloxía, as demandas da sociedade, permítennos proxectar un futuro coas oficinas bancarias pechadas os sábados, sen que iso supoña consecuencias negativas para o negocio; ben ao contrario, está demostrado que as melloras na distribución da xornada benefician a todos.

En diversas ocasións intentamos negociar un acordo para librar todos os sábados en Banco Sabadell. Ata o de agora non foi posible pero talvez chegou o momento de volver intentalo.

Un acordo de peche definitivo de sábados, con medidas de flexibilidade na xornada que faciliten a conciliación da vida persoal e familiar, e procuren un ambiente de traballo mellor, onde a empresa e os traballadores e as traballadoras poidan compatibilizar os seus intereses. Velaí a nosa aposta.

Outubro de 2008

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	<b>3532-0002 CC.OO.</b>	Sinatura
Nome	.....	Ofi.:	
Domicilio	.....		
Poboación	.....	C.P.:	
Cta. de cargo	.....		
		DNI	Data / /

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a [lopd@cco.es](mailto:lopd@cco.es) ou chamar por teléfono ao 917028077.